

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**5836** *Real decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local.*

Os estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local, aprobados mediante o Real decreto 1912/2000, do 24 de novembro, substituíron o Regulamento dos colexios de secretarios, interventores e depositarios de Administración local aprobado por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 2 de febreiro de 1978.

Deste modo deuse cumprimento ao mandato de adecuación á lexislación estatal e autonómica, atendendo ás peculiaridades exixidas pola función pública que exixían os seus membros, recollido na disposición adicional segunda da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, consecuencia da distribución de competencias establecidas nesta materia na Constitución española e nos estatutos de autonomía.

As modificacións operadas na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, co fin de adaptala á Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, fan agora necesaria a elaboración duns novos estatutos que recollan as ditas modificacións na medida en que resultan aplicables á Organización Colexial.

Así mesmo, os novos estatutos permiten adaptar a estrutura e competencias internas da Organización Colexial ao novo marco de regulación da profesión, tras a entrada en vigor da disposición adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, adecuar os fins da Organización Colexial ás novas exixencias do servizo público, así como definir os principios éticos profesionais que deben rexer a conduta profesional dos secretarios, interventores e tesoureiros da Administración local.

Neste sentido, os estatutos xerais estrutúranse en catro títulos. O título I consta de dous capítulos, no primeiro dos cales se recollen as disposicións xerais relativas á definición, personalidade xurídica e natureza dos colexios, incluíndose os fins esenciais da Organización Colexial, así como os principios éticos profesionais. Así mesmo, defínense o ámbito territorial dos colexios e os consellos autonómicos. Pola súa banda, no capítulo segundo abórdanse diferentes cuestións relacionadas co réxime xurídico dos actos e resolucións corporativas e o portelo único da Organización Colexial.

O título II aborda o réxime xurídico dos colexios profesionais de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local, sistematizándose en catro capítulos. O primeiro, relativo ás funcións dos colexios; o segundo, referente á organización básica interna; o terceiro aborda o réxime de colexiación, ingreso, traslados, dereitos e deberes dos colexiados; e, por último, o cuarto regula o réxime económico.

O título III dedícase, en exclusiva, a regular o Consello Xeral dos Colexios Profesionais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, en canto ás súas funcións, organización interna e réxime económico. Por último, no título IV régúlase o réxime disciplinario dos colexiados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Política Territorial e Administración Pública, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de marzo de 2011,

## DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local cuxo texto se insire a continuación.

Disposición transitoria primeira. *Vixencia dos estatutos e do regulamento de réxime interior do Consello Xeral.*

1. Mentres non se adapten os respectivos estatutos particulares dos colexios territoriais e consellos autonómicos aos presentes estatutos xerais conservarán a súa vixencia en todo o que non se opoñan a estes.

2. Mentres non sexa aprobado un novo texto de regulamento de réxime interior pola Asemblea do Consello Xeral permanecerá vixente o actual en todo o que non se opoña aos presentes estatutos.

Disposición transitoria segunda. *Habilitación en funcións.*

O presidente e a Xunta de Goberno actuais do Consello Xeral manteranse en funcións mentres non se elixa unha nova presidencia e unha nova comisión executiva conforme o procedemento que se determine no regulamento de réxime interior.

Disposición transitoria terceira. *Modificación do regulamento de réxime interior do Consello Xeral e convocatoria de eleccións á Presidencia e Comisión Executiva.*

1. No prazo de tres meses desde a data de publicación dos presentes estatutos xerais, a Xunta de Goberno en funcións do Consello Xeral elevará aos compoñentes da Asemblea deste o proxecto de modificación do regulamento de réxime interior para que formulen as alegacións que consideren convenientes durante un prazo de vinte días naturais.

Nos vinte días naturais seguintes ao de conclusión do prazo de alegacións, a Asemblea aprobará o novo regulamento de réxime interior. Para este fin, o presidente en funcións do Consello Xeral remitirá aos compoñentes da Asemblea, xunto coa convocatoria desta, o texto do proxecto coas alegacións que se efectuasen.

Para os exclusivos efectos deste acordo, o voto de cada un dos compoñentes da Asemblea será único e indelegable.

2. No acordo de aprobación a que se refire o número anterior, a Asemblea determinará, así mesmo, a data de celebración do proceso electoral da Comisión Executiva a que se refire o artigo 31 dos estatutos xerais.

Disposición transitoria cuarta. *Designación de delegados.*

Para a formación da primeira Asemblea do Consello, no prazo dun mes desde a publicación dos estatutos xerais, as xuntas de goberno dos colexios territoriais designarán os delegados a que se refire a letra c) do artigo 28 na proporción de un por cada cincuenta persoas colexiadas exercentes na data de publicación antes citada.

Para estes efectos, cada colexio territorial expedirá unha certificación comprensiva do número de persoas colexiadas exercentes e dos datos dos delegados designados.

Disposición transitoria quinta. *Designacións provisionais na Xunta de Representación Autonómica.*

1. Naquelas comunidades autónomas en que os consellos autonómicos aínda non estean constituídos, os colexios territoriais existentes nelas acordarán de forma conxunta a designación dunha representación provisional para a Xunta de Representación Autonómica do Consello Xeral, nomeamento que deberá recaer en quen exerza algunha das presidencias dos colexios territoriais que formen parte da Asemblea do Consello.

Poderán conservar a súa vixencia aquelas designacións existentes no momento da entrada en vigor dos presentes estatutos xerais que formen parte da Asemblea do Consello.

2. No caso das comunidades autónomas uniprovinciais, a dita representación recaerá en quen exerza a presidencia do colexio territorial respectivo.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1912/2000, do 24 de novembro, polo que se aproban os estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente terceiro do Goberno  
e ministro de Política Territorial e Administración Pública,  
MANUEL CHAVES GONZÁLEZ

## ESTATUTOS XERAIS DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### TÍTULO I

#### Sobre a Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Organización Colexial. Definición. Personalidade e natureza xurídica das entidades que a compoñen.*

1. A organización que se regula nos presentes estatutos xerais está integrada por todos os colexios territoriais de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local, os consellos autonómicos respectivos e polo Consello Xeral dos Colexios Profesionais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local.

Todos eles son corporacións de dereito público constituídos conforme a lei, con estrutura e funcionamento interno democráticos, que agrupan a aqueles que integran a escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes ás subescalas que a compoñen, así como os que levan a cabo as funcións reservadas á dita escala como persoal funcionario interino.

2. Os colexios territoriais, os consellos autonómicos e o Consello Xeral teñen personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins. Na súa organización e funcionamento están suxeitos ao principio de transparencia na súa xestión, gozando de plena autonomía, no marco dos presentes estatutos xerais e dos seus propios estatutos particulares.

3. Os colexios territoriais, os consellos autonómicos e o Consello Xeral relacionaranse coas administracións autonómicas a través dos órganos competentes das comunidades autónomas, e coa Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública.

Artigo 2. *Fins esenciais da Organización Colexial.*

Son fins esenciais da Organización Colexial:

a) A colaboración coas administracións públicas competentes na ordenación da profesión de secretario, interventor ou tesoureiro de Administración local.

b) A realización de cantas actuacións redunden na mellora e beneficio dos intereses xerais da cidadanía destinataria das funcións públicas reservadas aos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local.

c) A representación da profesión e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados nas súas relacións coas administracións públicas e fronte a calquera dos poderes públicos e entidades con competencia ou relación co exercicio das súas funcións, xa sexan nacionais ou internacionais.

Artigo 3. *Principios éticos profesionais.*

A Organización Colexial velará por que a conduta profesional dos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local se rexa en todo momento polo cumprimento de valores éticos de actuación baseados na neutralidade política, defensa dos valores democráticos, servizo ao interese público, lealdade, honestidade, honradez, imparcialidade, eficacia, eficiencia, profesionalidade, integridade, exemplaridade, dedicación, dilixencia, xustiza, transparencia, cumprimento da legalidade e respecto aos dereitos humanos.

A Organización Colexial promoverá políticas de igualdade de xénero e tenderase á representación paritaria en todos os seus órganos.

Así mesmo, velará pola asunción de novos valores éticos que faciliten o achegamento á cidadanía e a modernización da Administración para adaptala ás novas demandas sociais, tales como a orientación ao público, colaboración, información, diálogo e resolución de conflitos, traballo en equipo e impulso das novas tecnoloxías.

*Artigo 4. Os colexios profesionais. Ámbito territorial, fusións ou segregacións.*

1. O ámbito territorial de cada colexio será o que determine o seu respectivo estatuto particular, dentro dos límites previstos na lexislación autonómica. No seu defecto, o devandito ámbito será provincial ou insular, como mínimo, ben que non poderán exceder do ámbito territorial dunha comunidade autónoma. Os distintos colexios territoriais serán únicos nos seus respectivos ámbitos territoriais.

2. A fusión de colexios territoriais para a creación doutros colexios, sempre dentro do ámbito territorial dunha mesma comunidade autónoma, requirirá os acordos maioritarios das asembleas xerais dos colexios implicados. A proposta, logo de coñecemento do Consello Xeral de Colexios, e sen prexuízo da intervención que, de ser o caso, proceda por parte do consello autonómico correspondente, de conformidade coa lexislación autonómica que sexa aplicable, cursarase para a súa aprobación ao órgano de goberno da comunidade autónoma respectiva. Igual procedemento se aplicará, de ser o caso, para a segregación total ou parcial de colexios territoriais previamente fusionados.

3. Os colexios resultantes dos procesos de fusión ou segregación descritos entenderanse constituídos tras a toma de posesión dos órganos de goberno destes debidamente elixidos.

*Artigo 5. Os consellos autonómicos.*

1. Os consellos autonómicos de colexios territoriais de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local que se constituán ao abeiro do disposto na lexislación autonómica correspondente terán os fins e funcións que determinen os seus estatutos, con suxeición ao disposto na respectiva lexislación autonómica e na lexislación básica estatal.

2. Nas comunidades autónomas uniprovinciais, constituído o consello autonómico, este sucederá para todos os efectos ao colexio territorial existente na dita comunidade e resultaralle de aplicación o disposto para os colexios territoriais no título II dos presentes estatutos xerais.

*Artigo 6. O Consello Xeral.*

1. O Consello Xeral dos Colexios Profesionais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local é o organismo representativo e coordinador superior da Organización Colexial.

2. A estrutura interna e o funcionamento do Consello Xeral é desenvolvida polo seu regulamento de réxime interior de conformidade co disposto nos presentes estatutos xerais.

## CAPÍTULO II

### **Réxime xurídico dos actos e resolucións corporativas. Portelo único**

*Artigo 7. Réxime xurídico dos actos e resolucións corporativas.*

Os colexios territoriais, os consellos autonómicos e o Consello Xeral axustarán a súa actuación ás normas do dereito administrativo e, en especial, á normativa que en cada momento estea vixente sobre réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, salvo nas súas relacións laborais ou civís, en que quedarán suxeitos ao réxime xurídico correspondente.

Artigo 8. *Execución e impugnación dos actos e resolucións corporativas.*

1. Os actos e resolucións dos colexios territoriais, dos consellos autonómicos e do Consello Xeral serán executivos cando estean suxeitos a dereito administrativo.

2. Os ditos actos e resolucións, cando estean suxeitos ao dereito administrativo, serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na súa lei reguladora, unha vez esgotados os recursos corporativos contra eles, de se teren interposto estes.

3. Con carácter previo á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa, contra os actos e resolucións dos colexios territoriais poderá recorrerse en alzada no prazo dun mes ante o consello autonómico respectivo ou, mentres este non se constituíse, ante o Consello Xeral.

Contra os actos e normas emanados dos consellos autonómicos poderán promoverse os recursos corporativos que prevexan expresamente os seus estatutos.

4. Así mesmo, con carácter previo á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa, contra os actos e resolucións do Consello Xeral poderá interperse recurso de reposición ante o mesmo Consello no prazo dun mes.

Artigo 9. *Portelo único.*

1. A Organización Colexial disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os que integran a profesión poidan, a través dun único punto, por vía electrónica, a distancia e de forma gratuíta, realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no colexio territorial respectivo, presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a consideración de interesados, recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución dos expedientes, incluída a notificación dos disciplinarios cando non for posible por outros medios, ser convocados ás asembleas xerais e pór no seu coñecemento a actividade pública e privada da Organización Colexial.

2. O portelo único conterá a información a que se refire a lexislación básica sobre colexios profesionais para a mellor defensa dos dereitos da cidadanía destinataria da actividade dos profesionais que agrupa a Organización Colexial, en especial o acceso ao rexistro de colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, polo menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, administración pública de destino e situación administrativa, así como as vías de reclamación e os recursos que se poderán interpor en caso de conflito entre un cidadán e un colexiado ou a Organización Colexial.

## TÍTULO II

### Os colexios profesionais de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local

#### CAPÍTULO I

##### Das funcións dos colexios

Artigo 10. *Funcións dos colexios.*

Compete aos colexios, no seu ámbito territorial, o exercicio das funcións consignadas na lexislación básica estatal e autonómica sobre colexios profesionais e, en particular, as seguintes:

a) Cumprir e facer cumprir aos colexiados as leis xerais e as especiais, os estatutos e regulamentos de réxime interior, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiados.

- b) Velar polo exacto cumprimento dos deberes profesionais dos colexiados, e pola súa ética e dignidade profesional.
- c) Tutelar e defender os dereitos e intereses que afecten a escala e subescalas e os dos funcionarios pertencentes a estas, exercer a representación e exercer a defensa, no seu ámbito, duns e outros ante a administración, institucións, tribunais e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten os intereses profesionais.
- d) Apoiar as administracións públicas competentes para que o exercicio da profesión sexa efectuado polos empregados públicos que a levan a cabo, e especialmente por parte do persoal colexiado, conforme a normativa aplicable e o código ético existente para ela.
- e) Aprobar os seus estatutos, de conformidade co disposto na respectiva lexislación autonómica, sen prexuízo do informe previo do Consello Xeral sobre a súa adecuación aos estatutos xerais, de conformidade co disposto no título III.
- f) Elaborar unha memoria anual que conteña os datos a que fai referencia a lexislación básica de colexios profesionais.
- g) Coñecer os recursos que se interpoñan contra os acordos dos seus órganos de goberno, de conformidade co disposto no título I.
- h) Manter e estreitar a unión, compañeirismo e harmonía entre todas as persoas colexiadas.
- i) Estimular e facilitar o perfeccionamento profesional das persoas colexiadas, ben sexa directamente ou colaborando con outros centros de investigación e formación; organizar actividades e servizos comúns de interese para o persoal colexiado, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial, de previsión e análogos.
- j) Fomentar a proxección e capacitación profesional dos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local a través do mantemento do diálogo e a negociación cos poderes públicos, partidos políticos, sindicatos, federacións de municipios e provincias e calquera outra organización municipalista e de empregados públicos, xa sexan nacionais ou internacionais; podendo establecer convenios de colaboración ou, de ser o caso, integrarse nelas.
- k) Divulgar as disposicións legais e as instrucións e ordes das autoridades para o mellor coñecemento e cumprimento polo persoal colexiado, e informar a este de cantas cuestións o poidan afectar no ámbito profesional.
- l) Impulsar, a través de publicacións, conferencias e cantos medios procedan, o estudo do dereito e das técnicas de administración que afecten os profesionais colexiados; así como colaborar, cando sexan requiridos, na formación das autoridades e cargos en relación coas materias propias das funcións que exerzan.
- m) Asesorar as autoridades e corporacións nas cuestións relacionadas coa escala e subescalas, emitindo os informes, ditames e consultas pertinentes.
- n) Manter relacións permanentes de información e comunicación cos consellos autonómicos de colexios e o Consello Xeral e, especialmente, facilitar a estes a información concernente ás altas, baixas e calquera outra modificación que afecte os rexistros de colexiados para o seu coñecemento e anotación nos rexistros centrais de colexiados.
- ñ) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas.
- o) Dispor dun servizo de atención aos usuarios que, necesariamente, tramitará e resolverá cantas queixas referidas á actividade colexial ou das persoas colexiadas se presenten por parte de calquera persoa usuaria ou profesional colexiada, así como por parte de organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa de intereses colectivos nos termos da lexislación básica sobre colexios profesionais.

## CAPÍTULO II

### Organización interna

#### Artigo 11. *Organización básica.*

1. É competencia de cada colexio territorial de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local establecer e regular a súa organización interna, de conformidade co seguinte organigrama básico:

- a) Asemblea xeral.
- b) Xunta de goberno.
- c) Presidencia.

2. As eleccións para a designación das xuntas de goberno dos colexios territoriais axustaranse ao principio de libre e igual participación dos colexiados, sen prexuízo de que os estatutos particulares de cada colexio poidan establecer ata dobre valoración do voto dos exercentes, respecto dos non exercentes.

Serán electores todas as persoas colexiadas con dereito a voto, conforme os seus estatutos.

Poderán optar ás candidaturas as persoas colexiadas que, tendo a condición de electores, non estean incursas en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria e reúnan as condicións de antigüidade e residencia ou outras de carácter profesional exixidas polas normas electorais respectivas.

A duración máxima do mandato será de 4 anos.

O voto exercerase persoalmente ou por correo, de acordo co que se estableza para o efecto para garantir a súa autenticidade.

No prazo de cinco días desde a constitución da xunta de goberno, deberá comunicarse esta ao Consello Xeral, ao consello autonómico respectivo, ao órgano competente da comunidade autónoma e ao Ministerio de Política Territorial e Administración Pública. Así mesmo, comunicarse a composición dos órganos elixidos en cumprimento dos requisitos legais.

#### Artigo 12. *Asemblea xeral.*

1. A asemblea xeral é o órgano supremo de expresión da vontade do colexio e réxese polos principios de participación igual e democrática de todos os colexiados. A participación na asemblea será persoal, e poderá ser tamén por representación ou delegación.

2. Son competencias propias e exclusivas da asemblea xeral:

a) Aprobar os estatutos particulares e o regulamento de réxime interior do colexio, sen prexuízo da facultade da xunta de goberno para aprobar as correspondentes normativas de desenvolvemento.

b) Aprobar, no mes de xaneiro de cada ano, a memoria correspondente ao exercicio vencido, que conterá, como mínimo, a información que exige para esta a lexislación básica sobre colexios profesionais, ademais da liquidación dos orzamentos e as contas de ingresos e gastos.

c) Autorizar os actos de disposición dos bens inmoables propios e dos dereitos reais constituídos sobre estes, así como dos restantes bens patrimoniais propios que figuren inventariados como de considerable valor.

d) Controlar a xestión da xunta de goberno, solicitando informes e adoptando, de ser o caso, as oportunas mocións.

3. Os estatutos particulares de cada colexio regularán a periodicidade, convocatoria e celebración das asembleas.



**Artigo 13. Xunta de goberno.**

1. A xunta de goberno é o órgano de administración e dirección do colexio territorial que exerce as competencias deste non reservadas á asemblea xeral conforme o artigo anterior, nin asignadas especificamente polos estatutos particulares a outros órganos colexiais.

2. Os estatutos particulares de cada colexio regularán a composición, forma de elección e duración dos cargos da xunta de goberno, garantindo unha representación das tres subescalas.

3. Por acordo interno dela procederáse á designación dos delegados a que se refire a alínea c) do artigo 28 dos presentes estatutos xerais.

**Artigo 14. Presidencia.**

A representación legal do colexio recae en quen desempeña a presidencia, quen, así mesmo, preside a asemblea xeral e a xunta de goberno, velando pola debida execución dos seus acordos e adoptando nos casos de urxencia as medidas procedentes.

**CAPÍTULO III****Dos colexiados****Artigo 15. Colexiación. Ingresos. Traslados.**

1. Os colexios territoriais integrarán os empregados públicos que forman parte da escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal pertencentes ás subescalas que a compoñen. Poderán formar parte, así mesmo, dos colexios territoriais os que levan a cabo as funcións reservadas á devandita escala como funcionarios interinos no seu ámbito territorial correspondente, cos dereitos e obrigas que para eles se determinen nos respectivos estatutos particulares.

Sen prexuízo do disposto en materia disciplinaria nos presentes estatutos xerais e nos estatutos particulares de cada colexio territorial, deixarán de pertencer a estes aqueles funcionarios que perdan tal condición nos supostos previstos no Estatuto básico do empregado público, con excepción do de xubilación.

2. A colexiación terá carácter voluntario. Abondará para o ingreso a incorporación ao colexio territorial en cuxo ámbito territorial se encontre a corporación de destino do funcionario. Para tal fin, os colexios disporán dos medios necesarios para que os solicitantes poidan tramitar a súa colexiación por vía telemática nos termos da lexislación básica sobre colexios profesionais.

De os respectivos estatutos particulares preveren cota de inscrición, o seu importe non poderá superar o dos custos de tramitación desta.

3. Nos supostos de traslado, o funcionario pasará a ser colexiado no colexio territorial do seu novo destino, xa sexa o seu nomeamento de carácter definitivo ou provisional.

**Artigo 16. Clases de colexiados.**

1. Os colexiados poden selo a título de exercentes, interinos, non exercentes ou de honra.

2. Serán colexiados exercentes os funcionarios con habilitación de carácter estatal que:

a) Se encontren en situación de servizo activo na escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal.

b) Ocupen postos nas administracións locais non reservados exclusivamente a funcionarios con habilitación de carácter estatal.

c) Ocupen na súa condición de funcionarios postos na Administración do Estado ou na Administración autonómica nos casos en que isto sexa posible conforme a normativa reguladora da escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal.

3. Serán colexiados interinos aqueles que leven a cabo as funcións reservadas á escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal baixo nomeamento interino.

4. Serán colexiados non exercentes aqueles funcionarios que, pertencendo á escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal, non se encontren en ningún dos supostos descritos na alínea a) anterior; ou que, despois de pertenceren á dita escala, se encontren en situación de xubilación, todo isto nos termos que determinen os respectivos estatutos particulares.

5. Poderán ser nomeadas colexiadas de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas que contraesen méritos profesionais ou académicos respecto dos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local, ou en relación á función pública en xeral. Así mesmo, respecto das administracións públicas, ou a organización colexial en xeral ou dun colexio territorial en particular. Tamén aos que destacasen polo seu especial labor en interese da cidadanía, todo isto de conformidade co disposto nos respectivos estatutos particulares.

#### Artigo 17. *Dereitos dos colexiados.*

Son dereitos dos colexiados:

- a) Concorrer, con voz e voto, ás asembleas.
- b) Dirixirse aos órganos de goberno formulando peticións e queixas, e solicitando información sobre a actividade colexial.
- c) Elixir e ser elixido para cargos directivos nas condicións que sinalen os estatutos particulares.
- d) Requirit a intervención do colexio, ou o seu informe, cando proceda.
- e) Ser amparado polo colexio en canto afecte a súa condición de funcionario.
- f) Gozar das concesións, beneficios, dereitos e vantaxes que se outorguen aos colexiados en xeral, para si ou para as súas familias.

#### Artigo 18. *Obrigas dos colexiados.*

1. Son deberes xerais dos colexiados:

- a) Someterse á normativa legal e estatutaria, ás normas e usos propios da deontoloxía profesional e ao réxime disciplinario colexial.
- b) Observar unha conduta digna da súa condición e do cargo que exerzan e desempeñar este con honradez, celo e competencia.
- c) Establecer, manter e estreitar as relacións de unión e compañeirismo que deben existir entre todos os funcionarios que forman a escala.

2. Son obrigas especiais dos colexiados:

- a) Contribuír puntualmente ao sostemento económico do colexio.
- b) Declarar en debida forma a súa situación administrativa e os demais actos que lles sexan requiridos na súa condición de funcionarios de carreira ou interinos, relativos aos seus dereitos e obrigas colexiais.
- c) Acatar e cumprir os acordos que adopten os órganos corporativos na esfera da súa competencia.
- d) Comunicar ao colexio respectivo cantas circunstancias de orde profesional sexan requiridas para o cumprimento das funcións colexiais.

### CAPÍTULO IV

#### **Réxime económico**

#### Artigo 19. *Recursos económicos.*

Os colexios disporán dos seguintes recursos económicos:

- a) O importe das cotas que satisfagan os colexiados.

- b) As rendas, produtos e xuros do seu patrimonio.
- c) As doazóns, legados, herdanzas e subvencións dos que o colexio poida ser beneficiario.
- d) As achegas, de ser o caso, de entidades públicas.
- e) O rendemento dos servizos ou prestacións derivadas do exercicio de funcións colexiais, incluídas as publicacións.
- f) Os beneficios dos seus contratos e concertos con entidades públicas ou particulares.
- g) Os que por calquera outro concepto procederen conforme a normativa aplicable.

#### Artigo 20. *Cotas.*

As cotas que, para o sostemento do colexio, están obrigados a satisfacer os colexiados serán de dúas clases: ordinarias e extraordinarias.

#### Artigo 21. *Cotas ordinarias.*

1. As cotas ordinarias deberán ser aprobadas pola asemblea xeral e serán:

- a) Para os colexiados exercentes, o 1%, como mínimo, do soldo anual. Para estes efectos, considérase soldo anual a contía que en concepto de salario base se prevexa para cada exercicio na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para o grupo A, subgrupo A1, dos relacionados no Estatuto básico do empregado público.

- b) Para os colexiados interinos e non exercentes observárase, para a súa determinación, o disposto en cada estatuto particular.

2. Os que se encontren en expectativa de destino estarán exentos durante o tempo que dure esta situación.

3. As variacións na cota ordinaria terán efectos desde o día en que o colexiado pasase a distinta situación administrativa ou a percibir un novo soldo.

#### Artigo 22. *Cotas extraordinarias.*

As cotas extraordinarias deberán ser acordadas pola asemblea xeral, coas limitacións que, de ser o caso, estableza o estatuto particular.

#### Artigo 23. *Pagamentos e recadación de cotas.*

1. Os estatutos particulares de cada colexio determinarán a forma de pagamento e recadación das cotas.

2. Se calquera colexiado incorrer en mora, o presidente do colexio requirirao para que satisfaga a súa débeda no prazo máximo dun mes. De pasar outro mes desde o requirimento sen que fixer efectivo os seus débitos colexiais, o colexiado moroso quedará automaticamente suspendido dos dereitos que lle recoñece o presente estatuto. A suspensión manterase ata o debido cumprimento dos seus deberes económicos colexiais, sen prexuízo da súa eventual reclamación xudicial pola vía procedente.

#### Artigo 24. *Orzamentos.*

O réxime económico dos colexios é orzamentario. O orzamento será único e comprenderá a totalidade de ingresos e gastos do colexio. Deberá referirse ao ano natural. Os estatutos particulares de cada colexio determinarán o procedemento de aprobación do orzamento.

#### Artigo 25. *Achegas.*

Os colexios territoriais efectuarán achegas económicas ao Consello Xeral nos termos regulados no título III dos presentes estatutos. Así mesmo, efectuarán achegas económicas aos consellos autonómicos nos termos que regulen os estatutos particulares destes.

## TÍTULO III

### O Consello Xeral dos Colexios Profesionais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local

#### CAPÍTULO I

#### Funciós e competencias

Artigo 26. *Funciós e competencias do Consello Xeral.*

1. O Consello Xeral dos Colexios Profesionais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local terá as funciós seguintes:

a) Convocar en congreso a todos os integrantes da escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal cando se considere conveniente, aprobando o regulamento que deba rexer a dita reunión e adoptando as medidas necesarias para que se cumpran os acordos que nel se adopten, que vincularán toda a Organización Colexial.

b) Asumir a representación da escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal e da súa Organización Colexial ante as organizacións internacionais e os poderes lexislativo, executivo e xudicial de ámbito estatal.

c) Coordinar o establecemento dunha acción común da Organización Colexial no desenvolvemento do estatuto profesional dos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local polo Goberno do Estado e os gobernos das comunidades autónomas.

d) Elaborar e modificar os estatutos xerais da Organización Colexial para o seu sometemento á aprobación do Goberno.

e) Aprobar os seus orzamentos.

f) Aprobar o regulamento de réxime interior do Consello Xeral, que regulará, entre outros aspectos, as condicións de elixibilidade e duración dos mandatos dos seus membros electivos, precisará as competencias e o funcionamento interno de cada un dos seus órganos e o exercicio da potestade disciplinaria que os presentes estatutos atribúen ao Consello Xeral.

g) Informar sobre a adecuación aos estatutos xerais dos estatutos particulares e as súas modificacións elaborados polos colexios territoriais e consellos autonómicos para os efectos oportunos.

h) Dirimir conflitos que puideren suscitarse entre colexios territoriais de distintas comunidades autónomas, ou entre colexios territoriais dunha mesma comunidade autónoma cando nesta non estea constituído o consello autonómico.

i) Resolver os recursos que se interpoñan contra actos e resolucións dos colexios territoriais e consellos autonómicos, de conformidade co disposto no título I dos presentes estatutos.

j) Adoptar as medidas necesarias para que se cumpran os actos e resolucións emanadas do Consello Xeral.

k) Exercer a potestade sancionadora que se lle atribúe nos presentes estatutos.

l) Emitir informe sobre os proxectos de modificación da lexislación estatal sobre colexios profesionais, ou de disposicións de carácter xeral do Estado que afecten concreta e directamente os secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local, de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

m) Proceder á impugnación, xa sexa en vía administrativa ou xudicial, por iniciativa propia ou por instancia de colexio territorial ou do consello autonómico, de cantos actos ou disposicións xerais se consideren prexudiciais para o exercicio das funciós reservadas aos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local e os seus intereses profesionais.

n) Levar a cabo ou participar en iniciativas, efectuar colaboracións e subscribir acordos e contratos con todo tipo de persoas físicas ou xurídicas, tanto públicas coma privadas, co fin de organizar exposicións, conferencias, coloquios, cursos ou seminarios;

levar a cabo explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, material audiovisual e material multimedia; así como realizar estudos, investigacións e actividades académicas e culturais que redunden en beneficio xa sexa da actividade profesional dos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local, xa sexa da súa Organización Colexial, das administracións públicas, ou do interese xeral da cidadanía, ademais de procurar o sostemento económico do Consello Xeral.

2. O Consello Xeral poderá exercer as funcións atribuídas polo artigo 10 aos colexios territoriais, en canto teñan ámbito ou repercusión nacional.

3. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Xeral poderá proceder á creación de fundacións, sociedades mercantís ou calquera outro tipo de entidades que se consideren necesarias para o mellor cumprimento dos fins da Organización Colexial.

## CAPÍTULO II

### Organización interna

#### Artigo 27. *Órganos do Consello Xeral.*

Son órganos do Consello Xeral dos Colexios Territoriais e Autonómicos de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local: a Asemblea, a Presidencia, a Xunta de Representación Autonómica e a Comisión Executiva.

#### Artigo 28. *A Asemblea do Consello Xeral.*

1. A Asemblea do Consello Xeral é o órgano de expresión superior da vontade da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local.

2. A Asemblea do Consello Xeral estará integrada por colexiados exercentes en todo caso.

3. Forman parte da Asemblea do Consello Xeral:

- a) Os presidentes en exercicio dos colexios territoriais por razón do seu cargo.
- b) Os presidentes en exercicio dos consellos autonómicos formalmente constituídos por razón do seu cargo.
- c) Os delegados que sexan designados polas xuntas de goberno dos colexios territoriais na proporción que estableza o regulamento de réxime interior conforme o seu número de colexiados exercentes o día 1 de xaneiro de cada ano.

4. A Asemblea do Consello Xeral é o órgano encargado de aprobar o regulamento de réxime interior do Consello Xeral e as súas modificacións, así como da memoria anual do conxunto da Organización Colexial. A devandita memoria anual conterá, como mínimo, a información que exige a lexislación básica sobre colexios profesionais. Para tal fin, os colexios territoriais e os consellos autonómicos subministrarán ao Consello Xeral toda a información necesaria para a súa elaboración.

#### Artigo 29. *Presidencia do Consello Xeral.*

1. A representación legal do Consello recae en quen desempeña a presidencia, quen, así mesmo, preside os órganos daquel, velando pola debida execución dos acordos que estes adopten, acordando, en caso de urxencia, as medidas que resulten precedentes, e exercendo as competencias que lle atribúa o regulamento de réxime interior.

2. Accederá á Presidencia do Consello Xeral a persoa cabeza de lista da candidatura que elixa a Asemblea no proceso electoral da Comisión Executiva.

Artigo 30. *Xunta de Representación Autonómica do Consello Xeral.*

1. A Xunta de Representación Autonómica, presidida polo presidente do Consello Xeral e integrada por todos os presidentes dos consellos autonómicos, é o órgano con competencia exclusiva de coordinación para o establecemento dunha acción común da Organización Colexial no desenvolvemento do estatuto profesional dos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local polo Goberno do Estado e os gobernos das comunidades autónomas, así como coas competencias que lle atribúa o regulamento de réxime interior, todo isto sen prexuízo das competencias que lle correspondan á Presidencia do Consello.

2. A representatividade de cada persoa integrante da Xunta de Representación Autonómica será proporcional ao número de colexios territoriais integrados no consello autonómico que preside.

Artigo 31. *Comisión Executiva do Consello Xeral.*

1. A Comisión Executiva é o órgano de goberno e administración do Consello Xeral e estará integrada por aqueles que elixa a Asemblea Xeral de entre os seus integrantes, en número de quince, que deberán presentarse para a súa elección en candidatura pechada.

2. Poderá crearse no seo da Comisión Executiva unha Comisión Permanente coa composición que regule o regulamento de réxime interior e as competencias que lle delegue a Comisión Executiva.

3. Deberá tenderse, nos órganos a que se fai referencia nos números 1 e 2 deste artigo, a que exista unha representación das tres subescalas que conforman a habilitación de carácter estatal.

### CAPÍTULO III

#### Réxime económico

Artigo 32. *Recursos do Consello Xeral.*

O Consello Xeral disporá dos seguintes recursos económicos:

- a) O importe das cotas que satisfagan os colexios territoriais.
- b) As rendas, produtos e xuros do seu patrimonio.
- c) As doazóns, legados, herdanzas e subvencións dos que poida ser beneficiario.
- d) As achegas, se é o caso, de entidades públicas.
- e) O rendemento dos servizos ou prestacións derivadas do exercicio de funcións colexiais, incluídos os da revista de estudos locais da que é propietario.
- f) Os beneficios dos seus contratos e acordos con calquera persoa física ou xurídica, tanto pública coma privada.
- g) Os que por calquera outro concepto procederen conforme a normativa aplicable.

Artigo 33. *Achegas e compensacións dos colexios e consellos autonómicos.*

1. A achega dos colexios territoriais ao Consello Xeral será do 20% das cotas mínimas que deban satisfacer os colexiados de conformidade co disposto no artigo 21 destes estatutos.

2. O regulamento de réxime interior regulará os supostos e condicións para establecer bonificacións sobre a contía destas achegas, así como para o establecemento de achegas extraordinarias ao Consello Xeral.

3. En calquera caso, os colexios territoriais e consellos autonómicos compensarán ao Consello Xeral cantos gastos se orixinen pola realización de calquera actuación efectuada por instancia súa, ademais de aboar unha cota puntual pola realización de servizos de asistencia xurídica.

Artigo 34. *Réxime orzamentario.*

O réxime económico do Consello Xeral é orzamentario. O seu orzamento, que será único e comprenderá a totalidade de ingresos e gastos, referirase ao ano natural.

## TÍTULO IV

### Réxime disciplinario

Artigo 35. *Potestade disciplinaria e competencia sancionadora.*

1. Os colexios territoriais exercerán a potestade disciplinaria para corrixir as accións e omisións que realicen os secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local neles colexiados.

Os estatutos profesionais establecerán o órgano competente para exercitar esta potestade. Na falta da devandita determinación, a competencia sancionadora recaerá na Xunta de Goberno.

2. O Consello Xeral exercerá a potestade disciplinaria respecto:

- a) dos membros do propio Consello Xeral en todo caso
- b) dos compoñentes das xuntas de goberno dos colexios territoriais cando os estatutos do consello autonómico respectivo non previsen esta competencia
- c) dos integrantes dos órganos de goberno dos consellos autonómicos cando estes non atribúisen para si esta competencia nos seus propios estatutos.

O regulamento de réxime interior establecerá o órgano competente para exercitar esta potestade e, en defecto da devandita determinación, a competencia sancionadora recaerá na Comisión Executiva.

Artigo 36. *Tipificación de infraccións.*

As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

1. Son faltas leves:

- a) A desconsideración cara aos compañeiros tanto en relación coa actividade de carácter colexial como profesional.
- b) Os actos de desconsideración cara aos membros da Xunta de Goberno, Consello Autonómico ou Consello Xeral.

2. Son faltas graves:

- a) A desconsideración grave cara aos compañeiros tanto en relación coa actividade de carácter colexial como profesional.
- b) Os actos graves de desconsideración cara aos integrantes da Xunta de Goberno, Consello Autonómico ou Consello Xeral.
- c) A desatención aos cargos colexiais como consecuencia da falta de asistencia non xustificada.
- d) A obstaculización ao exercicio dos dereitos de acceso aos cargos e aos postos reservados aos funcionarios das tres subescalas.
- e) Realizar actuacións encamiñadas a favorecer, amparar ou tolerar o intrusismo.
- f) A realización de actividades ilegais que poden prexudicar gravemente a imaxe, consideración social ou profesional, ou o prestixio dos colexiados ou da Organización Colexial.
- g) A infracción dos deberes xerais e obrigas especiais a que se refire o artigo 18 dos presentes estatutos.

3. Son faltas moi graves:
- A desatención grave aos cargos colexiais como consecuencia da falta de asistencia non xustificada.
  - O falseamento ou inexactitude grave da documentación profesional, e a ocultación ou simulación de datos que o Colexio debe coñecer para exercitar as súas funcións ou para a repartición equitativa dos cargos colexiais.
  - Confeccionar baremos á medida propia e imposibilitar o acceso a unha praza que se ostenta en réxime de acumulación.
  - O exercicio ilegal de funcións reservadas a funcionarios da escala.
  - A conivencia cos órganos competentes da corporación local no mantemento ilegal da categoría ou a reclasificación dunha praza en prol de intereses particulares, cando a devandita ilegalidade sexa declarada por sentenza xudicial firme.
  - Toda actuación profesional que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 37. *Tipificación de sancións.*

Poderanse impor as seguintes sancións:

- Apercibimento privado.
- Suspensión na condición de colexiado ata seis meses.
- Separación do cargo colexial de un mes a un ano.
- Separación do cargo colexial durante o período do mandato en curso.
- Separación do cargo colexial durante o período do mandato en curso e declaración de incapacidade para o seguinte.
- Suspensión na condición de colexiado desde seis meses e un día ata dous anos.

Artigo 38. *Correspondencia entre infraccións e sancións.*

1. Para as faltas leves aplicarase a sanción prevista na alínea a) do artigo anterior. Para as faltas graves, as sancións enumeradas nas alíneas b) a c), e para as faltas moi graves, as sancións determinadas nas letras d) a f).

2. Na imposición destas sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción a aplicar:

- A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- A natureza dos prexuízos causados.
- A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así for declarado por resolución firme.
- Neglixencia profesional inescusable.
- Obtención de lucro ilexítimo debido á actuación ilícita.

Artigo 39. *Prescrición e cancelación de infraccións e sancións.*

As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

As sancións leves prescriben aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

Os prazos de prescrición das infraccións comezarán a contar desde a comisión da infracción, e os das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquiera firmeza a resolución pola que se impón a sanción. A prescrición das infraccións interromperase por calquera acto colexial expreso e manifesto dirixido a investigar a presunta infracción. A realización de calquera acto colexial expreso e manifesto de execución da sanción interromperá o prazo de prescrición desta.



A cancelación supón a anulación do antecedente sancionador para todos os efectos. As sancións leves cancelaranse ao ano; as graves aos dous anos, e as moi graves aos catro anos, contados desde o cumprimento das sancións.

Artigo 40. *Procedemento sancionador.*

1. Os estatutos de cada colexio territorial e consello autonómico regularán o procedemento sancionador que se seguirá para depurar eventuais responsabilidades disciplinarias. Este procedemento deberá axustarse, en todo caso, aos principios definidos na normativa sobre réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2. A responsabilidade disciplinaria regulada neste título exercerase sen prexuízo da eventual responsabilidade administrativa ou penal en que, polos mesmos feitos, poidan incorrer os secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local como consecuencia da súa relación de servizo ou a súa condición de funcionarios públicos.

Disposición adicional primeira. *Utilización dos xéneros feminino e masculino.*

As mencións que fan os presentes estatutos ao presidente, aos delegados, colexiados, funcionarios, cidadáns, usuarios e consumidores entenderanse referidas indistintamente á presidenta ou presidente, ás delegadas ou delegados, colexiadas ou colexiados, funcionarias ou funcionarios, cidadás ou cidadáns, usuarias ou usuarios e consumidoras ou consumidores.

Disposición adicional segunda. *Código ético.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 3 dos presentes estatutos xerais, o código ético profesional aprobado na VI Asemblea Xeral de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local celebrada na cidade de Salamanca o 14 de maio de 2005 rexerá a actuación dos profesionais que integran a Organización Colexial.

O devandito texto permanecerá sempre accesible por vía telemática tanto para os profesionais coma para a cidadanía destinataria da súa actividade. O congreso de todos os integrantes da escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal poderá efectuar modificacións do seu contido se así se considera conveniente.

Disposición adicional terceira. *Ceuta e Melilla.*

A colexiación dos secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local con destino nas Cidades de Ceuta e Melilla producirase respectivamente nos colexios territoriais de Cádiz e Málaga.